

## Información para as persoas que forman parte da rede de contactos dun caso esporádico da COVID-19 nun centro educativo

O peche de centros educativos demostrou un impacto negativo no desenvolvemento e na educación da poboación en etapa de aprendizaxe. Por este motivo, ao longo da pandemia, instauráronse medidas preventivas específicas que permitiron reabrir as aulas cunha transmisión limitada da COVID-19, poñendo de manifesto que os colexios son contornas seguras.

Tendo en conta isto, **ante a aparición de casos esporádicos<sup>1</sup> nunha contorna específica dun centro educativo<sup>2</sup>** de educación infantil e primaria, non se identificarán contactos estreitos no centro. Non obstante, **as persoas que formen parte da rede de contactos<sup>3</sup>** máis próxima a un caso positivo (persoal do centro e alumnado) **deberán seguir unha serie de medidas preventivas durante os 10 días seguintes** ao último contacto coa persoa positiva. Estas medidas son as seguintes:

- Realice unicamente **actividades que sexan esenciais** para a súa vida diaria (Ex.: acudir ao seu posto de traballo/centro educativo ou realizar compras básicas).
- Manteña a **distancia de seguridade** con outras persoas de polo menos 1,5 metros e usar sempre a **máscara**. Evite as actividades que impliquen quitar a máscara se non se pode asegurar a distancia de seguridade. No caso de menores de 6 anos que non poidan facer un uso adecuado da máscara, recoméndase valorar o uso de **FFP2** para as persoas que vaian a estar a menos de 2 metros (Ex.: persoal do centro, compañeiros que poidan facer uso da máscara, familiares etc.)

---

1 - Defínese como **caso esporádico** nun centro educativo a todos os casos confirmados que NON formen unha agrupación mínima de 5 ou mais casos nunha contorna específica do centro educativo NIN supoñan unha afectación do 20% ou mais do volume total de persoas que forman parte desa contorna.

2 - Considerase **contorna específica**: un aula, unha liña específica do transporte escolar, unha quenda concreta de comedor ou dunha actividade extraescolar etc.

3 - A **rede de contactos** son aquelas persoas situadas a menos de 2 metros da persoa da que se define a rede (o caso positivo). No transporte escolar, son as persoas situadas nos 2 asentos contiguos en todas as direccións. Nas aulas e outros espazos, son as persoas sentadas nos asentos a menos de 2 metros.

- **Lave as mans** con frecuencia.
- Non acuda a **eventos ou lugares con moitas persoas** nin reunións social con familiares ou amigos.
- Evite contacto con **persoas vulnerables** como as persoas maiores ou enfermas.
- Vixie que non aparece ningún dos **síntomas sospeitosos da COVID-19** e se aparece algún, quede na casa e pida unha cita telefónica no seu centro de saúde ou no 881 540 045 (consultar [instrucións de illamento para o caso sospeitoso](#)).

As persoas inmunodeprimidas e as mulleres embarazadas son considerados colectivos vulnerables e poden requirir un seguimento diferente no caso de formar parte da rede de contactos dun caso esporádico da COVID-19. Se fose o seu caso, por favor, informe ao centro educativo para que poidan notificarlle este feito á Central de Seguimento de Contactos.

Se desexa saber máis sobre a vixilancia da COVID-19 en centros educativos, pode consultar o [Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 \(COVID-19\) no ámbito educativo non universitario de Galicia](#).